

Lembranzas dunha aldraxada

Tardiña do 19 de xullo de 1936. Fai xa un tempo que non consigo ver o ceo, Mateo dí que segue tan azul coma sempre, por algún estrano motivo penso que non é certo, a desolación é palpable en calquera recuncho da aldea, as campás tocan con máis frecuencia do normal, polas noites sinto os murmurios do xentío, semellan xa fartos de tanta represión.

- Miña rula, como foi a mañá? No concello non podemos máis, a xente bótasenos enriba, veñen pedir armas. Antón e os seus obreiros teñen escopetas de caza, din que non se van rendir cando cheguen os militares, que se hai que derramar sangue farase, pero non da nosa. Está convencendo a moitos dos Lourenzos para botarse ao monte, de facer barricadas uns kilómetros antes da entrada ao pobo. Hai que loitar, hai que defendelo noso, pero non temos medios. Aiii miña rula! É imposible resistir moito tempo, non hai armas. Na última comunicación con Martinez Garrido, Vigo ardía, botaba labaradas de medo e dor, as J.A.P saíron a rúa con fusís, está a morrer xente inocente, ducias de xentiña coma nós. A República vaise á merda, España estase a converter nun noxentos pantano, e Galicia vai ser das primeiras en afundir nel. Eiquí non tardarán en prendela chama do patriotismo, e chamarnos traidores da patria, de ser as mazás podridas do país, cando somos os precursores da liberdade.

Luciano dí que mañá polo serán como moi tarde han chegar. Bóveda e o resto da cúpula do PG non nos dan indicacións, están en Pontevedra reunidos, intentando paralos falanxistas, Pontevedra logo ha caer... O resto de intelectuais están agochados, con medo, van ir por eles, van ir en nada rula. Algúns van marchar cara Cataluña ou Madrid, eles dín que isto durará pouco, que non teñen forza como para sublevarse no resto do país, eu non sei rula, eu non sei o que é mellor, o que hai que facer...

Non souben que dicir, levaba tempo na espera de que algo así sucedera, os bos tempos non poden ser bos sempre, malia iso eu sabía que endexamais deixaría de loitar por meus ideais e que Mateo por moi confuso que estivera tampouco o faría. O romanticismo que índa se mantiña furtivo connosco, era dunha calidade increíble, era o noso raio de luz esperanzador, o que nos guiou no camiño da vida, no camiño cara á liberdade que tanto nos custou conseguir. E eu... Eu non deixaría que ma arrincaran sen loitar antes por ela.

- Mateo, cen a cear por favor, vaise arrefriar a sopa –Fixen unha pausa, seguía sen assimilar o acoro que íamos vivir- Candelina, veña, vamos lavalas mans, parece un bacoriño despois de andar a troulear na eira toda a tarde.

- Xa vou Adela, foi un día duro...

Sentámonos á mesa, observámonos; mirámonos coa intensidade que cae o granizo contra as fiestras en pleno inverno, coa forza dos troncos cando caen no camino, co desafío dos barcos no mar no medio dunha tormenta. Amoucados, aboucados, alleos ao mundo e as súas consecuencias.

- Non pensas dicir nada? Baixarás a mirada coma fixeches no pobo cando as veciñas miraban o teu ventre fai 6 anos? Onde está a miña Adela? A Adela que non se conformaba con ningures, onde estás rula? Onde se esconde a aeda que levas dentro? Vamos precisar da túa axuda, máis que de ningunha outra, hai que concienciar ao pobo, que saiban o que hai, o que se nos vai vir enriba, o que realmente está a ocorrer. Adela, se hai que loitar pola República farase, se hai que loitar por nosa Galicia tamén se fará, pero eu quero facelo ao teu carón.

Pola fiestra víase como a lúa resplandecía no alto do ceo, familiar pero distante e con ela milleiros de estrelas que alumeaban a escuridade que no viña envolver, que viña

envolver a toda Galicia. Ao lonxe distinguíanse os torreóns da igrexa, constantes, sobrios, antigos e impenetrables, víanse as colosais campás envolteitas polo óxido que as carcomía día a día, coma a conciencia, coma o remordimento de milleiros de cobardes que non pelexaron pola liberdade da nosa sociedade, que viron morrer os seus irmáns de sangue, sen facer nada por eles, eses cobardes que viron o sufrimento dunha xeración, da xeración do medo e do resentimento.

- Mateo...-As bagoas caían polas miñas meixelas- Hai que contarlle ás mulleres o que ocorre, isto non é cousa dos homes soamente e ti sabelo ben, se hai que aprender a coller un arma, apréndese, nada é irremediable, se as verbas non chegan, loitarase, pelexarase, non consentirei que meus fillos vivan un goberno imposto como fixemos nós. Hai que organizar á xente, e coido facelo contigo, mañá temprá xuntarei á xente en fronte da igrexa, darei unha charla, contarei o que me contaches ti e o que me contarás esta noite, porque sei que da misa, non me dixeches nin a metade. Veña, vai á imprenta de Luciano, escribide folletíns informando do que ocorre polo miúdo, e repartídeos polas casas, agora intentarei cavilar algo para mañá, isto é unha verdadeira carreira contrarreloxo. Se vén unha verdadeira guerra non me atopará cosendo nunha cadeira ou cociñando. Atoparame afouta, coa verdade por diante, atoparame axudando aos únicos amores da miña vida. Miña familia e Galicia.

Mañá do 20 de xullo de 1936. Cos primeiros raios de luz, co alborexar da guerra, coa inexistencia da xustiza social, co odio que non desaparecería xamais, endereceime. Coma nunca o fixera, púxenme as miñas roupas máis brancas e esperanzadoras e saín de casa cara o que no seu momento foi o campo da festa. Xa diante da abadía, subinme ás centenarias escaleiras de pedra. No chanzo máis achegado ao ceo comecei berrar, comecei chamar á xente, ás veciñas, ós veciños, ós vellos mailas vellas, ós parvos e ós

señoritos que paseaban entre a barafunda. O sangue acachoábame. Se cadra pasaron uns vinte minutos ata conseguir xuntar xente dabondo para escoitar o que eu lles ía dicir. Estaba rodeada polos membros que constituían a Fronte Popular na vila. Envolta en bandeiras tricolor.

Co puño ben alto, comecei co discurso. Co que sería a miña derradeira despedida.

20 de xullo de 1950. Quince anos tiveron que pasar dende a morte da miña nai para eu saber tódala verdade. Para que eu volvera ao pobo que ma levou, que ma arrincou das mans. Quince anos tiveron que pasar para que eu atopase as últimas verbas da miña nai e rematalas co final que unha muller coma ela merece. Quince anos máis han pasar para que os mesmos galegos que foron aldraxados como a miña nai poidan voltar sentirse fachendosos desta terra.

Tiña a penas seis anos, as lembranzas que gardo non son moi abraiantes, son melancólicas e cheas de dor, son lembranzas dunha nena que viviu a maldita guerra sen a súa naiciña querida, a maldita guerra que xamais debeu comezar.

Alí estaba ela, no alto das escaleiras da abadía, coa súa longa cabeleira dourada que se movía ao pracer do vento, ao capricho do destino. Endexamais esquecerei a paixón coa que falou miña nai, o sentimento que saíu da súa alma... Oxalá tivera lembranzas dabondo para escribivos tódalas súas verbas.

Só vos podó deixar testemuña de que como no seu momento dixo Bóveda, miña nai tamén amaba fervorosamente Galicia, e non puido sacrificar a súa curta vida por causa mellor ca esa.

O meu último recordo foi un Viva a República, o seu último berro, o berro que ficou con dúas balas nas súas costas, o berro que lle custou a morte. Dende detrás dos fermosos á vez que traidores carballos, atopábase un grupo de dez homes agazapados,

dez homes fillos da nova España, da España do terror e a dictadura, da España da represión. Dez fillos do fascismo e o falanxismo, dez homes que prenderon o misto da miseria na aldea, dez cobardes dos miles que asenaron a xente inocente polas costas, dez homes que fixeron que índa hoxe eu siga loitando pola mesma causa que o fixo miña nai. A liberdade, a liberdade de poder falar galego, a liberdade de poder expresar nosos sentimentos e pensamentos, ser ter medo ás represalias.

Agora, nestes intres de desprezo, que xa levan durando anos, só quero esquecer as feridas que nos deixou a guerra, só quero volver ter a liberdade da que gocei nos alonxados días da República, só quero gozar da paz, que nun tempo remoto abranguiu a Galicia e a todos nós, os galegos.

Mara Senra Rivas, 1ºC-Bacharelato- IES A Xunqueira II